



**CRA MESTRA CLARA TORRES
TUI
CÓDIGO DE CENTRO: Q3600356D**



**ABRINDO XANELAS AO GALEGO!
ACOMPÁÑAME!**

**(CARTAS DE AMOR AOS FILLOS E FILLAS, MENSAXES DE PAZ, RECEITAS, PESCADAS,
INVENTARIOS DE NOMES EN GALEGO NAS AULAS, GUÍAS DE LECTURA, CONTOS NA RADIO,...)**





1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O noso centro escolar se denomina Colexio Rural Agrupado (CRA) “Mestra Clara Torres” e está situado no Concello de Tui (Pontevedra).

COLEXIO RURAL AGRUPADO DE TUI “MESTRA CLARA TORRES”

COLEXIO PÚBLICO

DIRECCIÓN: AVDA. CONCORDIA S/N

LOCALIDADE: TUI

CP: 36700

10 AULAS DISPERSAS POR 9 PARROQUIAS DO CONCELLO

116 ALUMNAS E ALUMNOS

ALUMNADO INMIGRANTE DE PORTUGAL, MARROCOS, R. DOMINICANA

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO: T.X.D, PARALISE CEREBRAL, SÍNDROME DELECIÓN, X FRÁXIL, TDHA

PROVINCIA: PONTEVEDRA

TELÉFONO E FAX: 986604436, 619047372

E-MAIL: cra.mestra.clara@edu.xunta.es

Este centro conformouse como tal no curso escolar 1999-2000 e resultou da agrupación de nove escolas unitarias. Como característica diferenciadora con respecto a colexios comarcais ou CEIP de zonas rurais podemos sinalar que as aulas do noso CRA están dispersas xeograficamente polas diferentes parroquias do concello de Tui. O noso centro escolariza alumnado de Educación Infantil. Debido a esta dispersión xeográfica a itinerancia do profesorado é un sinal de identidade que marca o noso labor educativo tanto a nivel administrativo como pedagóxico. Os CRA tratan de superar o illamento das escolas unitarias para optimizar e dinamizar os recursos materiais, personais e comunitarios a través dunha comunicación efectiva e ademais goza de plena capacidade académica,

administrativa e de xestión. O noso obxectivo ó constituírnos como CRA foi elevar a calidade da ensino das comunidades rurais así como contribuir á revitalización socio-económica e cultural das mesmas a través da elaboración e aplicación coordinada de proxectos educativos que permitan a integración das aprendizaxes nos contornos respectivos.

En cada aula existe unha biblioteca ademais da existente na Sede Administrativa como biblioteca central. Cada aula ten fondos documentais fixos e itinerantes que cambian cada mes. Cada aula tamén posúe un EDI. Este centro conta tamén con ordenadores portátiles subministrados pola Consellería de Educación e que son utilizados polo alumnado e as profesoras, profesores e familias fóra do horario escolar en actividades extraescolares dentro do proxecto TIC e do Plan Mellora de Bibliotecas e sempre tentando realizar unha alfabetización creativa das TIC.

- COORDINADORA DO PROXECTO: FÁTIMA NOVOA DATORRE
- PROFESORADO IMPLICADO: TODO O CLAUSTRO
- OUTROS AXENTES IMPLICADOS: ANPA, FAMILIAS, ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO, PATRIMONIO, RADIO MUNICIPAL, EDITORIAIS

2.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO



Desexo:
palabras EN GALEGO que saben,
palabras EN GALEGO que falan,
palabras EN GALEGO que arrolan
palabras EN GALEGO que soan.
Esas palabras traspasan o tempo
que quizás non se quere que exista
que quizás non se poida deter.
e aquí, alí, acolá se penduran sempre
para seren loubadas,
por ti, por min, por eles, por vós,...
(T. Domínguez)



O proxecto “**ABRINDO XANELAS AO GALEGO! ACOMPÁÑAME**” pretende facer **VISIBLE O GALEGO** a través da LITERATURA INFANTIL, GUÍAS DE LECTURA, BANDERÍNS DA PAZ, NOVAS DE TUI NOS XORNAIS, FOLLETOS DIVULGATIVOS, POEMAS OU CARTAS DE AMOR, INVENTARIO DE NOMES DO ALUMNADO EN GALEGO, RECETARIOS, CONTOS INVENTADOS, CONTOS NA RADIO, MERCADILLO SOLIDARIO DE LIBROS EN GALEGO NO MERCADO MUNICIPAL,, CONTOS TEMÁTICOS , CESIÓN DE LITERATURA GALEGA NAS ESCOLAS DA EUROCIDADE DE VALENÇA DO MINHO-PORTUGAL...e tendo como destinatarios ao alumnado, familias e cidadanía. Ao mesmo tempo, os destinatarios serán os autores e promotores da VISIBILIZACIÓN DO GALEGO como lingua de prestixio, lingua de comunicación,...

AS TEMÁTICAS ANTERIORES contitúen o eixo vertebrador para favorecer o coñecemento e respecto polo patrimonio pasado e presente do galego como proceso de andamiaxe dun futuro compartido e diverso. A posta en práctica resulta ser un instrumento eficaz para a **vivenciación de valores** como a paz, tolerancia, respecto, paz,...

De igual maneira se xustifica pola necesidade de facer **VISIBLE O GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR** xa que este curso temos unha poboación escolar que ten nun 95% como lingua vehicular e materna a LINGUA CASTELÁ.

O noso ámbito xeográfico perde falantes en galego entre as novas xeracións e o noso centro reflicte esta situación cunha poboación escolar maioritariamente castelanófona.No pobo ,o galego sobrevive ligado aos centros de ensino, á radio municipal, á administración local e aos sectores tradicionais tanto culturais como produtivos.

No centro,un profesorado pouco estable, comparte obxectivos cara a dinamización e fomento da lingua galega ,pero atópase con que o galego cada vez está máis lonxe dos rapaces. A súa lingua non é o galego e a forte castelanización do seu grupo fai que resulte difícil alcanzar os obxectivos relativos á expresión oral en galego.É preciso mudar perspectivas, remexer sentimentos fomentar a reflexión sobre a cuestión lingüística.

Debemos apoiarnos nunha forte motivación e no reforzo da dimensión comunicativa en contextos vivos e afíns aos rapaces e rapazas. Compre o deseño de estratexias que ligen á infancia e ás súas familias co idioma propio. Conciencialos de que é válido para desenvolverse no mundo actual,e axudalos a valorar as potencialidades de ter o galego como lingua propia.

Estas estratexias pasan no noso proxecto pola **EMOCIÓN**, servindo como canle aTIC,que aportarán motivación ,modernidade e previsións de futuro aos cativos e cativas. Constitúen un potente atractivo para rapaces,familias e profesorado ,e tamén un apoio fundamental para acadar as competencias,sobre todo as lingüísticas.

Unha nova forma de aprender na que o galego formará o tecido comunicativo.Tentaremos demostrar que ese mundo que tanto lles atrae pode estar en galego e deste xeito todas as creacións empregarán soportes dixitais e empregarán as TIC para buscar información, pescudar, crear ...

Esta proposta pedagóxica-didáctica imbrícase especialmente co desenvolvemento dos bloques de contidos da AREA 1 COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL titulado **O coidado persoal e a saúde** pois inclúe unha serie de contidos que favorecerán que os nenos e nenas vaian adquirindo, na medida das súas posibilidades, a autonomía necesaria en actividades



cotiás para atender a súa alimentación como fonte de saúde. No contexto da interacción de grupo, as nenas e os nenos interiorizarán as actitudes de aprecio polo benestar propio e das compañeiras e dos compañeiros, de respecto ás necesidades e á saúde das demais persoas, de axuda a quen o necesite e de colaboración na conservación e mellora do contorno.

TAMÉN SE PROMOVERÁ a implementación de contidos relacionados coa AREA 2 COÑECEMENTO DO CONTORNO en canto abrangaremos o bloque **cultura e vida en sociedade** que nos permite descubrir normas de convivencia, entornos cívicos e cidadás e que o alumnado comprenda progresivamente as características dos grupos humanos, as súas formas de vida, organización e acontecementos relevantes. Aprender a convivir nos distintos grupos sociais suporá coñecer as relacións que neles se dan -parentesco, amizade, veciñanza...- así como as súas normas e o respecto destas. Con elas van construíndo as nenas e nenos a súa identidade individual e social. De igual maneira o bloque **Achegamento á natureza favorecerá** aprendizaxes relacionadas co descubrimento, coñecemento e comprensión do mundo animal e vexetal. O medio, os seres e elementos que o integran, convértese ben axiña en obxecto preferente da curiosidade e interese infantil. As vivencias que as nenas e os nenos teñen en relación cos elementos da natureza e a reflexión sobre elas levaranos, co apoio adecuado da escola, á observación dalgúns fenómenos naturais, das súas manifestacións e consecuencias, así como a achegarse gradualmente ao coñecemento dos seres vivos, das relación que se establecen entre eles, das súas características e dalgunhas das súas funcións. A apreciación da diversidade e riqueza do medio natural, o descubrimento de que as persoas formamos parte dese medio e a vinculación afectiva a el son a base para fomentar desde a escola actitudes habituais de respecto e coidado.

Por outra parte, na AREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN desenvolveremos contidos relacionados coa **linguaxe verbal (escoitar, falar, conversar, recordar, crear, escribir, ler, expresar,...)** pois a comunicación nas súas diversas manifestacións implica a capacidade de producir, recibir e interpretar mensaxes. Ao fomentar a aprendizaxe das diversas formas de comunicación e expresión, outorgaráselles ás nenas e aos nenos a oportunidade de manifestar os seus sentimentos, emocións e ideas con maior elaboración e riqueza de matices. As linguaxes contribúen tamén ao desenvolvemento dunha competencia artística que vai acompañada do espertar dunha conciencia crítica neste mundo cambiante e que se pon en xogo ao compartir coas demais persoas as experiencias estéticas. A interacción, a través dos diferentes instrumentos de comunicación, permite exteriorizar as vivencias emocionais, acceder aos contidos culturais, producir mensaxes cada vez máis elaboradas e ampliar progresivamente a comprensión da realidade.

O dominio progresivo da linguaxe verbal axudará as nenas e os nenos a interpretar de forma máis axeitada o mundo que os rodea. A linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, xa que pode considerarse o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A apropiación da linguaxe, nas súas formas oral e escrita, dependerá da amplitude, variedade e calidade das experiencias comunicativas que os nenos e nenas teñan. Así mesmo que o alumnado descubra e explore os usos da lectura e a escritura, espertando e afianzando o seu interese por elas. As temáticas traballadas permitirán un achegamento á literatura infantil a partir de textos comprensibles e accesibles para que esta iniciación literaria sexa fonte de gozo, de diversión e de xogo pois é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á lingua galega espertando sensibilidade



Do mesmo xeito, ESTA PROPOSTA PEDAGÓXICA-DIDÁCTICA relaciónase preferentemente coas seguintes COMPETENCIAS CLAVE (CCCC):

- **COMPETENCIA EN COCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS:** Na EDUCACIÓN INFANTIL contribuírase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, e AO GALEGO É O NOSO PATRIMONIO,. Deste xeito o centro convértese nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIAS E TECNOLOXÍA** pois pretendemos que descubran o mundo animal e vexetal como ingredientes necesarios para a cultura culinaria, que estimen, pesen, comparen,...

- **COMPETENCIA DIXITAL** en canto o noso alumnado terá que traballar a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información en soportes orais, impresos, audiovisuais, dixitais ou multimedias. Dinamizaremos actividades que precisen o manexo dos recursos tic como blog, internet, teléfono, resolución de enigmas, busquedas do tesouro,....

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:** no noso alumnado faremos posible que adquiran a habilidade para comprender a realidade social na que vive ao mesmo tempo que coopera, interacciona, resolve conflitos, toma decisións, elixe, se responsabiliza, ...

E , finalmente desenvolveremos a **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER** en canto o noso alumnado se inicia na aprendizaxe autónoma, na búsqueda de información e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma



de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Polo que respecta ao desenvolvemento da **COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**: o noso alumnado desenvolverá valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, ...

ESTE PROXECTO foi consensuado co claustro, Anpa, CONCELLO DE TUI, COMUNIDADES DE MONTES, ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, CASAS CULTURAIS,... e pretende ser o instrumento práctico que desenvolva a **PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO e COMUNIDADE SOCIAL- MUNICIPAL** para que a **LINGUA GALEGA SEXA UN ELEMENTO BÁSICO, VIVENCIADO, PERCIBIDO, VISIBLE** coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas. As portas das aulas **SE ABREN PARA QUE AS XANELAS DE CADA CIDADÁN, DE CADA NENO OU NENA, DE CADA FAMILIA DE TUI ACOLLAN E ARROLEN A LINGUA GALEGA RACHANDO COAS BARREIRAS DO GALEGO** para que a lingua sexa un instrumento de comunicación e de relación e que forme parte non sólo da vida do centro senón tamén da vida do concello pois a maioría das actuacións teñen como destinatarios a **CIDADANÍA DO CONCELLO DE TUI** que serán ao mesmo tempo dinamizadores e creadores de actuacións promotoras do galego.

Ademáis, promove o achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias, dinamizar o emprego do galego no municipio para acadar unha revalorización social a través das tecnoloxías da información e da comunicación. A identidade cultural debe representar un valor fundamental de cohesión na comunidade e tamén potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida educativa, cultural, informativa do centro tal como se establece no Decreto 79/2010 do 20 de maio.

Tamén se pretende que o alumnado, a Comunidade educativa e municipal acaden un dominio e uso similar das dúas linguas da Comunidade Autónoma.

SERÁ, polo tanto, **UN PROXECTO ABERTO, VIVO, MULTIDISCIPLINAR E MULTICONTEXTUAL** pois só deste xeito o galego formará parte das vidas das persoas con implicación e compromiso. Non só se pretende o fomento ce emprego sistemático do galego no contexto escolar senón que o galego forme parte da vida da cidadanía do concello polo que se deseñarán actuacións no contorno municipal.

Para concluir, **EXPRESAMOS** que **O GALEGO SERÁ VIVIDO, DISFRUTADO, VISIBLE, RESPECTADO...**



Coñecidos os destinatarios e, ao mesmo tempo actores activos, do proxecto pasamos a determinar OS EIXOS VERTEBRADORES que se traballarán dende un ENFOQUE COMPARATIVO e estes serán:

- A CREACIÓN DE RECURSOS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO EN GALEGO
- A CULTURA CULINARIA EN GALEGO
- A LITERATURA INFANTIL EN GALEGO
- A CREACIÓN TEXTUAL EN GALEGO
- A VISIBILIZACIÓN DAS NOVAS EN GALEGO EN XORNAIS
- RECOMPILACIÓN DE NOMES PROPIOS EN GALEGO ENTRE A MATRÍCULA DO ALUMNADO DO CENTRO
- OS CONTACONTOS EN GALEGO
- OS RECURSOS EDUCATIVOS PARA A.N.E.A.E EN GALEGO

O equipo de Dinamización e Normalización L., o equipo directivo, equipo de E.I., E. Tic, ...será, os encargados de fomentar e reforzar a dimensión comunicativa do galego en contextos vivos, para que o alumnado e a comunidade educativa estean capacitados para o uso correcto do galego e asuman a súa utilidade como lingua de expresión e comunicación.

Levamos xa diversos cursos tentando buscar as estratexias máis eficaces, rendibeis e motivadoras que nos axuden a implicar ó profesorado e ás familias no fomento e gusto pola lectura e na culturización familiar en lingua galega, e polo tanto non resultará difícil poñer en marcha este proxecto pois dispoñemos de coñecementos e aprendizaxes previas. Este proxecto ademais está enxerido e infundado dentro doutros proxectos nos que participa o centro e se dinamizará a partir das nove bibliotecas das aulas (auténticos centros de información, comunicación e recursos) que servirán de ferramenta de promoción lingüística do galego e de formación familiar, parroquial e cidadá: PLAN TIC, PLAN LECTOR, PLAMBE, VOZ NATURA, etc. Por outra banda, en todos os documentos institucionais tamén se contempla o uso da lingua galega. Unha peculiaridade deste proxecto será que cobrará vida coa participación activa das familias nas aulas e tamén da comunidade municipal transfronteiriza sendo porén un centro de aprendizaxe familiar, social, de información, de formación e de compensación.

Ao mesmo tempo, pretende o desenvolvemento das CCCC entre a cidadanía como ferramenta de desenvolvemento comunitario e das comunidades rurais.

Unha das **finalidades** do proxecto será o de acadar para **a lingua galega máis funcións, máis emprego, máis promoción e máis espazos de uso, e iso conseguíremolo facendo máis visible a súa presenza no centro educativo, reconducindo a normalización e a dinamización lingüística no centro, e dinamizando o emprego da lingua galega tanto a nivel oral como escrito, nos planos pedagóxico-didáctico, institucional e comunitario e tanto no plano público-social coma no plano privado.**

Así mesmo preténdese desenvolver e garantir o coñecemento e o emprego normalizado do galego nos diferentes ámbitos (escolar,



público, comunitario, etc.), e tamén en diferentes situacións e espazos a través do coñecemento da realidade sociocultural galega, do galego oral, do galego escrito, do galego nas TIC, e do galego na vida comunitaria.

Os eixos vertebradores COBRARÁN VIDA A TRAVÉS DE DIFERENTES MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS COMO literatura DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE UNIDADES DE PROGRAMACIÓN SOBRE PATRIMONIO DE TUI e tamén O EMPREGRO CREATIVO das TIC, sempre dentro do que prescribe o PE e a lexislación educativa para a consecución das competencias básicas. Así pois, elaboraremos textos, crearemos enigmas para resolver, indagaremos nas novas nos xornais, resolveremos webquest, desenvolveremos sesións de libro-forum, CONTACONTOS, ...e todo iso sempre con ferramentas tic como o escáner, a cámara fotográfica, o blog, o e-mail ou o facebook.

Este proxecto será tamén promotor e dinamizador das COMPETENCIAS CLAVE non só do alumnado senón tamén das familias e da cidadanía do concello, pois as actuacións deseñadas favorecerán o desenvolvemento das oito competencias básicas en canto que se promove a indagación, o coñecemento e a interacción co mundo, as pescudas artísticas, a creación de textos, a búsqueda e o tratamento de información, e tamén a posibilidade de aprender a aprender, de ter autonomía e iniciativa, de desenvolver intelixencias múltiples e de empregar na vida diaria diferentes linguaxes.

Esta incorporación das competencias básicas como elemento do currículo obriga a reformular a práctica educativa. Así pois, deberáanse abandonar os tradicionais modelos de transmisión do coñecemento por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo” e para iso cómpre a realización dunha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

E importante explicitar que neste proxecto contaremos non só coa implicación de todo o claustro, senón tamén coa implicación e compromiso das familias e da comunidade social e cultural para o seu desenvolvemento (radio municipal, casas culturais, teatro municipal e biblioteca municipal).

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas *que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre.*

Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas, e con este obxectivo propoñeranse tarefas e retos que inciten ó alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Dende esta metodoloxía de traballo por proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria, empregando un enfoque globalizador e partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

Dende a perspectiva didáctica, o proxecto artículase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.



3.- OBXETIVOS, ACTUACIÓNS E ORZAMENTOS

Os obxectivos e actuacións deseñados teñen como destinatarios ao ALUMNADO, PROFESORADO, FAMILIAS, CIDADANÍA pois todas e cada unha das propostas de actuación estarán abertas á participación de todos e todas.

OBXECTIVOS XERAIS	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	TEMPORALIZACIÓN
Dinamizar o coñecemento e utilización do galego no PLANO ORAL E ESCRITO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA E A COMUNIDADE SOCIAL E CULTURAL.	-Edición da recompilación de escolmas de novas en galego nos xornais tanto en formato impreso como dixital -Edición de recompilación de tradicións culinarias das familias	150,00€ 200,00€	1º-2º-3º trimestre
Promover o coñecemento do galego a través da lectura de literatura galega na EUROCIDADE DE VALENÇA-PORTUGAL	Prestamo de libros de literatura galega á BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VALENÇA e ao agrupamento de escolas MURALHAS DO MINHO da Eurocidade de Valença- Portugal.	0;00€ (empregaranse os fondos do centro)	2º-3º trimestre
Promover o COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN NORMALIZADA DA LINGUA GALEGA como lingua de prestixio social en tódolos planos da vida escolar e social do centro COMO FONTE DE RIQUEZA PERSOAL, SOCIAL, POLÍTICA E CULTURAL.	Realización e produción de programas de radio Realización dun maratón de lectura en galego	0,00€	3º trimestre
Dinamizar o emprego creativo da lingua galega no ámbito das n.e.a.e (atención, lectoescritura, memoria,...)	Edición, Publicitación e difusión de recursos relacionados coa promoción da lectura, mellora da linguaxe oral, incremento das aprendizaxes básicas para a vida	400,00€	2º trimestre
Dinamizar o emprego creativo da lingua galega no ámbito das	Edición dun calendario competencial	300, 00€	2º trimestre



CCCC e nas APRENDIZAXES SITUADAS			
Promover o emprego do galego no contexto social	CONTACONTOS NA RADIO:1conto semanal en galego en horario de audiencia para que poida ser empregado polos centros educativos	0,00€	2º trimestre
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO.			
Empregar a lingua galega como lingua de comunicación entre o centro, a comunidade escolar, a comunidade social e as institucións públicas e privadas.	Redacción obrigada de documentos institucionais en galego (PXA, PE, PAT, PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR, PROPOSTAS PEDAGÓXICAS,...)	0,00€	Todo o curso
Promover o coñecemento e uso da lingua galega entre a comunidade familiar inmigrante.	Elaboración de notas informativas en árabe e galego	0,00€	Todo o curso
Dinamizar campañas e proxectos que promovan o emprego do galego nas aulas e no contorno social e cultural.	Emprego diario do galego como lingua vehicular en tarefas e actividades	0,00€	Todo o curso
Dinamizar as colaboracións con diversas institucións (concello, asociacións, radio e biblioteca municipais) como centros de recursos e centros de difusión.	Emprego dos recursos facilitados por institucións diversas: folletos, libros, calendarios,...	0,00€	Todo o curso
Fomentar festas e celebracións que promovan a implicación,	Deseño e realización de encontros: Nadal, maios, canto de reis, ...	0,00€	Todo o curso



compromiso e participación familiar dentro do marco de fomento e uso do galego.			
Dar pulo a campañas de fomento da lectura en galego entre a comunidade educativa e a poboación do concello.	Deseño e implementación de campañas de fomento da lectura como CONTOS na radio municipal Recomendacións de libros no blog de biblioteca e de orientación Deseño para publicitar á cidadanía de libros para ler en familia con actividades motivadoras Divulgación nos medios de comunicación locais e autonómicos dos traballos de recompilación así coma das distintas actividades a realizar e/ou realizadas. Divulgación de libros en galego na EUROCIDADE VALENÇA-PORTUGAL	1000,00€	Todo o curso
Identificar as similitudes e diferenzas entre as diversas LINGUAS do centro: galega, marroquí, inglés.	Localización e análise de diferenzas en diferentes textos	0,00€	Todo o curso
Crear espazos radiofónicos e na web para as familias que promovan o uso da lingua galega e a recuperación da tradición oral galega.	Publicación web de vídeo sobre temática diversa: PAZ, DEREITOS HUMANOS, DÍA DO LIBRO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA,...	0,00€	3º trimestre
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO DO PROFESORADO.		0,00€	
Favorecer o emprego da lingua galega na vida da aula e para o desenvolvemento de propostas pedagóxicas e didácticas.	Deseño de propostas pedagóxicas-didácticas en galego	0,00€	Todo o curso
Impulsar a creación de materiais	Deseño e implementación de materiais en galego	0,00€	Todo o curso



multimedia en galego para o alumnado en xeral e para o alumnado con n.e.a.e en particular.	dentro da aula elaborados polos diferentes equipos		
Promover o asesoramento continuo do profesorado aportando e facilitando material elaborado en galego: audiovisual, bibliográfico, fonográfico ou informático.	Sesións de formación e asesoramento	0,00€	Unha vez ao mes
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS PARA ACADAR NO CONTORNO DO ALUMNADO.		0,00€	
Promover á lectura e a fala en galego no proceso de ensino-aprendizaxe.	Realización de Sesións de grabacións de contos, DOcumentais	0,00€	Todo o curso
empregar materiais educativos en galego en diferentes soportes.	Realización de tarefas e actividades en galego	0,00€	Todo o curso
Identificar, coñecer e analizar o significado da tradición oral refráns, adiviñas, alcumes, lendas ou crenzas.	Realización de sesións para o análise de significados na aula, na radio, en reunións interxeracionais	0,00€	3º trimestre
Planificar a resolución de tarefas e actividades en galego para o alumnado con n.e.a.e.	Deseño dun arquivo de recursos materiais para alumnado con n.e.a.e	0,00€	Todo o curso
Dinamizar o coñecemento e a vivenciación do patrimonio culinario galego.	Deseño de sesións ou fichas recompilatorias para o descubrimento de patrimonio culinario	0,00€	2º /3º trimestre
4.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS A ACADAR NO CONTORNO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.		0,00€	



Descubrir e analizar recursos de tradición oral: adiviñas, refráns, alcumes	Búsqueda e compilación de adiviñas, refráns, alcumes,...	0,00€	2º/3º trimestre
Recompilar a cultura culinaria da zona	Búsqueda e compilación de receitas da zona de influencia do alumnado	0,00€	3º trimestre
Dinamizar o emprego do galego nos recursos para o alumnado con n.e.a.e	deseño e impresión de sudokus, laberintos, actividades de discriminación visual, cruzados, bingos, Adaptación ao galego material de AUDICIÓN E LINGUAXE (vocabulario CICERÓN, LOTOS, PROGRAMA ENSÉÑAME A HABLAR) ...	300,00€	Todo o curso
Analizar y comparar nomes do alumnado en galego	Sesións de análise do significado de nomes	0,00€	2º/3º trimestre
Promover accións solidarias	Mercadillo solidario de libros en galego (trocamos un libro por 1kg comida)	0,00€	2º/3º trimestre
Deseñar textos divulgativos en galego	Creación de folletos de promoción do galego, do consumo responsable, da lectura,...	100,00€	2º/3º trimestre
Promover a creación de poemas ou cartas de amor en galego	Concurso de cartas ou poemas de amor en galego das nais e pais aos seus fillos e fillas.	100,00€	
Promover a lectura en galego	Maratón de lecturas en galego	0,00€	
TOTAL		2550,00€	

4.PROPOSTA METODOLÓXICA

O **contexto social, cultural, familiar e comunitario** será o **contorno axeitado** para **difundir a lingua galega no plano oral** e cun **uso natural, real, vivenciado** tamén para a **difusión dos valores sociais** de igualdade, afectividade, comunicación, resolución pacífica de conflitos, tolerancia e respecto, que de igual maneira se pretenden acadar con este proxecto que nace para ensinar a vivir en sociedade.

As **comunidades de aprendizaxe colaborativas** e constituídas por mestras e mestres, familias, alumnado e cidadanía serán o escenario para o desenvolvemento deste proxecto pois as zonas de xogo permanente que se realicen serán para o disfrute de todos e



todas, así como os encontros de eurocidade, obradoiro para creación de xoguetes,...

Os principios metodolóxicos que consideramos base para levar a cabo a realización deste proxecto son os seguintes:

Flexibilidade: entendida como unha proposta aberta e modificable en calquera dos seus aspectos en función do grao de interese na actividade.

Enfoque globalizador: baseado na participación activa e aberta de todos os elementos que configuran a comunidade educativa, nun ambiente donde o alumnado aprenderá de forma lúdica a partir das súas experiencias previas, traballando os contidos tanto de forma intradisciplinar (contidos da mesma área) como de forma interdisciplinar (contidos das distintas áreas).

Desenvolvemento en espiral: os contidos vanse graduando en función da súa complexidade, é dicir, a súa secuenciación vai dende o máis concreto, cercano e próximo ao alumnado, cara o máis abstracto, afastado e descoñecido.

Principio de actividade:, a aula debe ser un medio activo, é por iso que se ofrece un medio rico en estímulos, no cal o alumnado teña unha participación activa e dinámica, con emprego de moito material manipulable e dunha metodoloxía lúdica, para que cada neno e nena *aprenda a aprender*, de maneira que se favoreza tamén a *autorregulación* da aprendizaxe.

□ □ *Principio de atención a diversidade do alumnado:* debido a que cada neno ou nena ten unhas características, capacidades e ritmos de aprendizaxe propios, diversificáronse os obxectivos, os contidos, os tipos de actividades, e os recursos.

□ □ *Principio de individualización:* os nenos e as nenas aprenden a diferente ritmo e precisan de diferentes axudas no seu proceso de aprendizaxe, polo que tamén é importante ter en conta as necesidades educativas individuais

□ □ *Principio de motivación:* pártese das habilidades, destrezas, actitudes, gustos e intereses do alumnado para intentar favorecer a participación activa e dinámica no proceso de ensino-aprendizaxe, a través de actividades cooperativas, manipulativas ou lúdicas.

□ □ *Coeducación:* dado que é o eixe central sobre o que xira este proxecto.

□ □ *A biodiversidade:* pártese da premisa de que o mundo que nos rodea e do cal formamos parte, está composto por unha diversidade de ecosistemas, de culturas, de saberes e de seres humanos, polo que o compromiso dos integrantes desta iniciativa é total.

□ □ *Infusión das actividades de ensinanza-aprendizaxe coa vida real:* partindo dos intereses, motivacións e ideas previas do alumnado.

□ □ *Outros aspectos relevantes:* aprender a aprender, interdisciplinariedade, significatividade, funcionalidade dos aprendizaxes, equipos de discusión, titorización, ou traballo cooperativo.

ORGANIZACIÓN DO EQUIPO RESPONSABLE

O equipo responsable do proxecto se reunirá unha vez ao mes para o seguimento do mesmo e para coordinar-centralizar as actuacións desenvolvidas nas diferentes parroquias.

Será o encargado de establecer e coordinar as actuacións coas institucións, entidades e organismos externos ao centro e de buscar escenarios para o desenvolvemento de moitas das actuacións.

Este equipo presentará ao profesorado, cidadanía e familias as actuacións a desenvolver por trimestre e recollerá suxestións e reformulacións.



4.2.- MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO entre alumnado familias e comunidade educativa.

No momento de principiar coas actuacións, a prensa escrita e a radio municipal farán referencia a estas actuacións. Posteriormente farán un seguimento das mesmas. Existirán reunións quincenais con representantes das institucións municipais e cidadanas tanto de Valença (Portugal), AGRUPAMENTO DE ESCOLAS MURALHAS DO MINHO (Valença) e de TUI

- Prensa: Faro de Vigo, Voz de Galicia.
- Web do centro e/ou blog específico do proxecto.
- Radio municipal.
- Universidade de Vigo.
- Facultade de Ciencias da Comunicación.
- A través da web do centro.
- A través de circulares ás familias.
- A través do e-mail á Anpa e ás aulas.

5.-UTILIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS EXISTENTES E TAREFAS QUE VAI REALIZAR O PROFESORADO IMPLICADO

Ao ser un proxecto interdisciplinar, globalizado, multicontextual as actuacións desenvolveranse coa pretensión da implicación da comunidade educativa e social para que o proxecto permita ABRIR PORTAS, XANELAS, CORAZÓNS AO GALEGO.

O profesorado do centro está comprometido para o desenvolvemento do proxecto nas actuacións referidas a recompilación, dinamización da implicación das familias. O equipo directivo promocionará e participará nas reunións socio-comunitarias coas comunidades de montes, familias, radio municipal, técnicos do Concello de Tui nas que se deseñarán as actuacións conxuntas.

Tamén aproveitando as posibilidades que nos brindan as TIC, queremos continuar a mellorar a comunicación entre as aulas do centro, a cidadanía e as familias cos recursos da web como blog, site, dropbox, ...

Tamén aquí as familias e a cidadanía poderán participar de forma activa, de xeito que un día pode ser o avó e/ou cidadán, por exemplo, o que nos conte historias sobre os alcumes, que nos expoña refráns,... O obxectivo estará en VERTEBRAR AUTÉNTICAS COMUNIDADES DE APRENDIZAXE.

As actuacións tratarán de implicar a toda A COMUNIDADE EDUCATIVA E SOCIAL a través da rede, da radio municipal e da prensa.

Os recursos materiais empregados e precisos serán:

- recursos da radio municipal
- modelos de rexistro
- DVD
- Material funxible



-CONSUMIBLES

-fondos bibliográficos

6.- COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Neste momento temos a aceptación do Concello (Concellería de Educación e Cultura, Concellería de Deportes), da Radio Municipal, Comunidade de Montes.

7.- PLAN DE AVALIACIÓN

A avaliación terá en conta os seguintes ámbitos: actuacións, obxectivos, recursos persoais e materiais, metodoloxía, temporalización das actuacións e temáticas. A avaliación será continua como instrumento de retroalimentación que dea información para a mellora e reformulación do proxecto.

Tamén haberá avaliación final no mes de xuño a partir dos datos obtidos nas avaliacións continuas.

Terase en conta:

- As reflexións realizadas, os logros e a incidencia do proxecto.
- Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.

CRITERIO	INDICADOR	TEMPORALIZACIÓN
Cumprimento dos obxectivos	-Se existe a implementación na aula e fóra da aula de actividades en lingua galega -se existe implicación das familias e da cidadanía -se hai participación da cidadanía -se o uso da lingua galega se incrementou	Ao remate do curso
Nº de actuacións desenvoltas	nº de tradición oral recompilada. Nº de receitas recompiladas	Ao remate do curso
Implicación do profesorado e comunidade cidadá	-Se amosa interese por asistir aos encontros. -Se amosa interese pola implementación na aula de actividades deseñadas -se se incrementou o uso da fala en lingua galega	Ao remate do curso
Nº de materiais elaborados	-Se facilitan o desenvolvemento e uso social da lingua galega.	Ao remate do curso



	-Se favorece o traballo cooperativo para a realización de actividades -Se existe a planificación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe competenciais	
Coordinación entre equipo interno do centro e externo do concello, casas culturais	-Asistencia a reunións de posta en común -Intercambio de información -Actitudes na reunión	Ao final de cada sesión
Aplicación na aula	-Se existe implementación na aula 2 horas á semana cando menos	Ao remate do ano
Impacto na aula	-Se favorece o uso sistemático da lingua galega dun xeito natural e non imposto	Ao remate do ano
Expectativas de continuidade	-Cuestionario final de curso de valoración	Ao remate do ano
Grao de satisfacción do traballo desenvolvido	-Cuestionario final de curso de valoración	Ao remate do ano

TUI 30 xaneiro de 2015


Vº E PRACE DA DIRECTORA

Vº E PRACE A COORDINADORA

TERESA DOMÍNGUEZ PÉREZ

FÁTIMA NOVOA DATORRE

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

CADRO –RESUMO DA ACTIVIDADE

TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	ORZAMENTO	RECURSOS
2º-3º trimestre	-Edición da recompilación de escolmas de novas en galego nos xornais tanto en formato impreso como dixital -Edición de recompilación de tradicións culinarias das familias	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL	ALUMNADO FAMILIAS CIDADANÍA	150,00€ 200,00€	XORNAIS MATERIAL FUNXIBLE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS
2º-3º trimestre	Prestamos de libros de literatura galega á BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VALENÇA e ao agrupamento de escolas MURALHAS DO MINHO da Eurocidade de Valença-Portugal.	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL E. PLAMBE	ALUMNADO FAMILIAS CIDADANÍA	0,00€ (empregaranse os fondos do centro)	FONDOS BIBLIOGRÁFICOS
3º trimestre	Realización e produción de programas de radio	EQUIPO D.L.G. D.T.O. ORIENTACIÓN	ALUMNADO CIDADANÍA FAMILIAS	0,00€	INSTALACIÓNS RADIO MUNICIPAL
3º trimestre	realización dun maratón de lectura en galego	FAMILIAS CIDADANÍA EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC	ALUMNADO FAMILIAS CIDADANÍA	0,00€	RECURSOS HUMANOS R. BIBLIOGRÁFICOS



		EQUIPO E. INFANTIL E. PLAMBE			
2º trimestre	Edición, Publicitación e difusión de recursos relacionados coa promoción da lectura, mellora da linguaxe oral, incremento das aprendizaxes básicas para a vida	EQUIPO DIRECTIVO EQUIPOS: TIC, INFANTIL, D.O. BIBLIOTECA, EQUIPO D.L.G.	ALUMNADO PROFESORADO FAMILIAS	400,00€	MATERIAL FUNXIBLE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS
2º trimestre	Edición dun calendario competencial	E. DIRECTIVO PLAMBE D.O.	ALUMNADO FAMILIAS CIDADANÍA	300, 00€	MATERIAL FUNXIBLE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS
2º trimestra	1conto semanal en galego en horario de audiencia para que poida ser empregado polos centros educativos	EQUIPO D.L.G. TIC PLAMBE	ALUMNADO		FONDOS BIBLIOGRÁFICOS
Todo o curso	Redacción obrigada de documentos institucionais en galego (PXA, PE, PAT, PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR, PROPOSTAS PEDAGÓXICAS,...)	EQUIPO D.L.G. E. INFANTIL E. DIRECTIVO	ALUMNADO PROFESORADO C. EDUCATIVA	0,00€	MATERIAL FUNXIBLE RECURSOS DIXITAIS
Todo o curso	Emprego diario do galego como lingua vehicular en tarefas e actividades	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL E. PLAMBE	ALUMNADO	0,00€	RECURSOS EDUCATIVOS DESEÑADOS POLO CENTRO MATERIAL FUNXIBLE
Todo o curso	Emprego dos recursos facilitados por institucións diversas: folletos, libros, calendarios,...	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL	ALUMNADO C. EDUCATIVA	0,00€	FOLLETOS CALENDARIOS,...



		FAMILIAS E. PLAMBE			
Todo o curso	CANTOS DOS MAIOS	DTO. ORIENTACIÓN E. INFANTIL E. D.NL.	ALUMNADO PROFESORADO	0,00€	CD
Todo o curso	Recomendacións de libros no blog de biblioteca e de orientación	DTO. ORIENTACIÓN E. INFANTIL E. D.L. E. DIRECTIVO E. TIC	ALUMNADO FAMILIAS CIDADANÍA	1000,00€	BLOGS DO CENTRO
Todo o curso	Deseño para publicitar á cidadanía de libros para ler en familia con actividades motivadoras				
Todo o curso	Localización e análise de diferenzas en diferentes textos galegos e os casteláns	E. DIRECTIVO E. D.NL.	PROFESORADO	0,00€	FONDOS DOCUMENTAIS M. FUNXIBLE
3º trimestre	Publicación web de video sobre temática diversa: PAZ, DEREITOS HUMANOS, DÍA DO LIBRO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA,...	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE	ALUMNADO	0,00€	RECURSOS DIXITAIS: WEB BLOG SITES,...
Todo o curso	Deseño de propostas pedagóxicas-didácticas en galego	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE	PROFESORADO ALUMNADO FAMILIAS	0,00€	Recursos didácticos
Todo o curso	Deseño e implementación de materiais en galego dentro da aula	DTO. ORIENTACIÓN	ALUMNADO	0,00€	Material funxible Consumibles



	elaborados polos diferentes equipos	E. D.L.G.			informáticos
Unha vez ao mes	Sesións de formación e asesoramento	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE	CIDADANÍA ALUMNADO FAMILIAS	0,00€	Fondos documentais e dixitais
Todo o curso	Realización de Sesións de grabacións de contos, Documentais	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE		0,00€	Ordenadores centro Programas tipo VEGAS, MIXCRAFF,...
Todo o curso	Deseño dun arquivo de recursos materiais para alumnado con n.e.a.e	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE	ALUMNADO CIDADANÍA	0,00€	Material funxible Recursos tic
2º /3º trimestre	Deseño de sesións ou fichas recompilatorias para o descubrimento de patrimonio culinario	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE	ALUMNADO CIDADANÍA	0,00€	Material funxible
1º-2º trimestre	Búsqueda e compilación de	EQUIPO D.L.G.		0,00€	Material funxible



	receitas da zona de influencia do alumnado	EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE			
Todo o curso	deseño e impresión de sudokus, laberintos, actividades de discriminación visual, cruzados, bingos, Adaptación ao galego material de AUDIÇÃO E LINGUAXE (vocabulario CICERÓN, LOTOS, PROGRAMA ENSEÑAME A HABLAR) ...	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE D. ORIENT.		300,00€	Material funxible Recursos tic consumibles
2º/3º trimestre	Sesións de análise do significado de nomes	EQUIPO D.L.G. EQUIPO TIC EQUIPO E. INFANTIL FAMILIAS E. PLAMBE		0,00€	Material funxible
3º trimestre	Mercadillo solidario de libros en galego (trocamos un libro por 1kg comida)	E. DIRECTIVO E.D.L.G BIBLIOTECA		0,00€	Recursos aportados polas familias, cidadanía e concello
2º/3º trimestre	Creación de folletos de promoción do galego, do consumo responsable, da lectura,...	E. DIRECTIVO E.D.L.G BIBLIOTECA		100,00€	Material funxible Recursos tic, aplicacións ou



		E. TIC			softwares de deseño
3ºT	Concurso de cartas ou poemas de amor en galego das nais e pais aos seus fillos e fillas.	E. DIRECTIVO E.D.L.G BIBLIOTECA E. TIC		100,00€	Material funxible Recursos tic, aplicacións ou softwares de deseño
3º T	Maratón de lecturas en galego	E. DIRECTIVO E.D.L.G BIBLIOTECA E. TIC		0,00€	Fondos documentais do centro
TOTAL				2550,00€	

A COORDINADORA DO PROXECTO, FÁTIMA NOVOA DATORRE COMPROMÉTESE A DESENVOLVER AS ACTIVIDADES PROGRAMADAS NO CASO DE OBTENIR O FINANCIAMENTO SUFICIENTE

Vº E PRACE DA DIRECTORA

. TERESA DOMÍNGUEZ PÉREZ

Vº E PRACE A COORDINADORA

FÁTIMA NOVOA DATORRE

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE PONTEVEDRA



Colexio Rural Agrupado "Mestra Clara Torres"
Avda da Concordia s/n
36700 TUI
Tfno Fax 986604436- 619047372

REMITIMOS A DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PROXECTO FOMENTO DO GALEGO A DESENVOLVER NO CENTRO NO CURSO 2014-15
PARA QUE CONSTE E A EFECTOS OPORTUNOS

TUI 30 DE XANEIRO DE 2015

-Vº Pº A DIRECTORA

A COORDINADORA DO PROXECTO

ASDO. TERESA DOMÍNGUEZ PÉREZ

FÁTIMA NOVOA DARRIBA

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE PONTEVEDRA

